

## **A orixe do Samaín – Halloween – Santos e Defuntos**

- Seguro que todos coñecedes o Halloween, verdade? Pois ímosvos contar a orixe e como o coñecemos en Galicia.

Hai moitos anos houbo un grupo de tribos que viaxaron por parte de Europa, eran os Celtas. Entre outros lugares estiveron en Inglaterra e en Galicia, onde deixaron os seus costumes e crenzas, os seus deuses e celebracións. Unha destas celebracións chamábase SAMAÍN.

Era o aninovo celta, cando as noites comezaban a ser máis longas e chegaba o inverno. Eles crían que nesas datas o mundo dos espíritos e o mundo dos vivos estaban moi próximos e que unha porta se abría para que os defuntos visitasen os fogares e se quentasen nos seus lumes. Tamén pensaban que nas cabezas quedaba a alma das persoas. E esas noites utilizaban as caveiras dos seus inimigos poñéndoa nas portas e nos muros cunhas candeas (velas) para quedar tranquilos nas súas casas. Co paso do tempo os cranios fóronse cambiando por outras cousas. Finalmente empregáronse cabazas que, unha vez baleiradas, alumeaban con candeas e chamáronlles CALACÚS.

Desde Inglaterra esta celebración pasou a chamarse Halloween. Logo levárona ata os EEUU de onde nos vén de volta na actualidade. Aquí, en Galicia, pasou a ser unha festa PAGANA, quere dicir que os antigos reis dixeron que non era católica e que non debía celebrarse, así que se adaptou ás normas da igrexa pasando a celebrarse os días de SANTOS e DEFUNTOS.

Tamén se relaciona cos MAGOSTOS que se facían para celebrar a importante colleita de froitos do outono, a vendima e a matanza do porco.

Co paso do tempo moitas cousas se foron esquecendo, e agora lembramos as súas orixes. Na actualidade a noite do 31 de outubro vólvese a celebrar o Samaín ou Halloween e os días 1 e 2 de novembro os días de Santos e Defuntos. Hai xente que se disfrazan con aspecto terrorífico, cóntanse historias e contos de medo, váise aos cemiterios a recordar aos defuntos, fanse os magostos ou baleiranse cabazas para facer calacús.